

Acordo de clasificación profesional e condicións de traballo do persoal contratado ao abeiro da Lei 14/2011, do 7 de xullo, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación (persoal contratado para tarefas de investigación PCTI)

Preámbulo

Con data do 17 de novembro de 2014 asinouse o “Acordo de clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representación laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC”. Con posterioridade a este acordo, a Lei da ciencia sufriu unha importante modificación, coa inclusión do artigo 23 bis, que establece unha nova modalidade de contratación, e amplía, ademais, o concepto de persoal de investigación nos artigos 20 e o 27.1 respecto do que figuraba no artigo 13.

Así, no artigo 20 inclúese unha modalidade de contratación, a través do contrato de actividades científico-técnicas, que se desenvolve no artigo 23 bis e que na práctica establece que as persoas que realizan tarefas de xestión da investigación son persoal de investigación, ao incluír estas tarefas de modo explícito no articulado.

O artigo 23 bis permite a contratación de persoal para “a realización de actividades vinculadas a liñas de investigación ou de servizos científico-técnicos, incluída a xestión científico-técnica destas liñas que se definen como un conxunto de coñecementos, inquietudes, produtos e proxectos, construídos de maneira sistemática ao redor dun eixo temático en que conflúan actividades realizadas por un ou máis grupos de investigación e requirirá o seu desenvolvemento seguindo as pautas metodolóxicas axeitadas en forma de proxectos ou contratos de I+D+I.” Son contratos indefinidos salvo que se financien con fondos que explicitamente esixan contratos de duración determinada, que non afectan á masa salarial e non forman parte da oferta de emprego público. Son financiados a través do capítulo VI dos orzamentos.

Por outra banda, o artigo 27.1 indica: “Considerarase persoal de investigación ao servizo do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación o persoal investigador, o persoal técnico e o persoal de xestión.”

O colectivo de persoas contratadas ao abeiro do artigo 23 bis, maioritarias no PCTI, xunto con aquelas que son contratadas con outras modalidades recollidas na Lei da ciencia, caso dos contratos predoutorais (art. 21), os contratos de acceso de persoal investigador doutor (art. 22) e os contratos de investigadores/as distinguidos/as (art. 23), forman parte globalmente do persoal contratado para tarefas de investigación (PCTI), coñecido coloquialmente como “persoal contratado con cargo ao capítulo VI”.

1.- Contratos aos que afecta este acordo

Neste documento desenvólvense as categorías profesionais do persoal contratado con cargo ao artigo 23 bis da Lei da ciencia.

Os contratos predoutorais (art. 21 da Lei da ciencia), os contratos acceso de persoal investigador doutor (art. 22) e os contratos de investigador/a distinguido/a (art. 23) non están actualmente regulados na UDC, o que non obsta que a UDC poida propor este tipo de contratos. Nese caso, deberá modificarse ou addendarse previamente o presente acordo para incluílos.

Este acordo regula os contratos de actividades científico-técnicas (art. 23 bis). Este tipo de contratos permite na práctica un amplo abano de tipoloxías, xa que é admisible solicitar como requisitos académicos de acceso: “Licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura, arquitectura técnica, enxeñaría técnica, grao, máster universitario, técnico/a superior ou técnico/a, ou con persoal investigador con título de doutor ou doutora. Así mesmo, poderase realizar con persoal cuxa formación, experiencia e competencias sexan acordes cos requisitos e tarefas que hai que desempeñar na posición que se vaia cubrir.”

É posible, pois, considerar como graos de acceso titulacións de ensinanza medias ou FP, graos ou equivalentes, másteres e doutoramento. Esta diversidade esixe unha clasificación, similar á que xa existía no documento de 2014, pero que inclúa algunha figura adicional, derivada da modificación da lei.

Este acordo afecta as persoas contratadas de acordo ao artigo 23 bis da Lei da ciencia. Non obstante, no caso de persoas contratadas con cargo aos artigos 21, 22 ou 23, cuxas condicións e dereitos laborais non estean fixados en convocatorias específicas ou en convenios colectivos, consideraranse de aplicación os recollidos neste documento, naquilo que ten que ver coa táboa salarial e cos dereitos recollidos no apartado 4.

2. Categorias e funcións do persoal contratado para tarefas de investigación (PCTI), de acordo co artigo 23 bis da Lei da ciencia

A.- Investigador/a contratado/a doutor/a

Son as persoas que, no marco da actividade de investigación para a que van ser contratadas, realizan tarefas de investigación entendidas como o traballo creativo realizado de forma sistemática para incrementar o volume de coñecementos, incluídos os relativos ao ser humano, á cultura e á sociedade, e o seu uso para crear novas aplicacións, a súa transferencia e divulgación.

B.- Xestor/a de investigación

Son persoas contratadas con cargo a actividades de investigación que realizan funcións de alta xestión ou coordinación de actividades económicas ou administrativas. Poden incluír a planificación, execución e avaliación técnica de procedementos e/ou protocolos de xestión e administración de investigación, a difusión de resultados de investigación, a promoción da investigación, a transferencia e promoción de resultados asociados á actividade a que se vincula o contrato.

C.- Colaborador/a de investigación

Son as persoas contratadas con cargo a actividades de investigación en que a realización dos traballos que lles encomende o/a responsable desta deben contribuír á creación e ao avance do coñecemento, incluídos os relativos ao ser humano, á cultura e á sociedade, e o seu uso para crear novas aplicacións, a súa transferencia e divulgación.

D.- Técnico/a de apoio á investigación

Son aquelas persoas contratadas con cargo a actividades de investigación para realizar labores especializados de carácter técnico e asistencial necesarios para o seu desenvolvemento.

E.- Axudante de apoio á investigación

Son aquelas persoas contratadas con cargo a actividades de investigación que van realizar funcións de apoio e asistencia na investigación que esixen o coñecemento dun conxunto de técnicas necesarias e que requiren unha capacitación profesional.

F.- Técnico/a administrativo/a e de xestión

Son persoas contratadas con cargo a actividades de investigación que realizan funcións de xestión administrativa e/ou económica, de difusión ou de promoción de I+D+i, nunha actividade concreta que requira a atención específica destas funcións.

G.- Axudante administrativo/a

Son aquelas persoas contratadas con cargo a actividades de investigación que realizan función de apoio na xestión económico-administrativa no ámbito dunha actividade que requira esta atención.

3.- Requisitos de acceso a cada unha das categorías

Considérase que o requisito de acceso básico a cada categoría é o nivel académico. É admisible definir un nivel MECES específico para unha categoría e tamén é posible considerar niveis distintos, xa que dentro dunha categoría pode haber contratos concretos que requiran distintos graos académicos. No caso dun/ha investigador/a contratado/a, por exemplo, considérase que o nivel de acceso debe ser o de doutor/a (MECES 4), pero no caso de técnicos ou xestores é admisible convocar un contrato para persoas con titulacións distintas. A seguinte táboa recolle as opcións que se consideran (no caso do nivel 1, ademais da titulación de técnico superior FP, admítense a de bacharelato e, se se xustifica axeitadamente, a de ensino secundario obrigatorio).

	Denominación	Titulación requirida (MECES)
A.	Investigador/a contratado/a doutor/a	4
B.	Xestor/a de investigación	2/3/4
C.	Colaborador/a de investigación	2/3
D.	Técnico/a de apoio á investigación	2/3/4
E.	Axudante de apoio á investigación	1
F.	Técnico/a administrativo/a e de xestión	2
G.	Axudante administrativo/a	1

As persoas da categoría A considéranse persoal investigador. As persoas da categoría C só se consideran persoal investigador no caso de que estean matriculados/as nun programa de doutoramento, ou no momento en que se matriculen nun programa de doutoramento, ou cando teñan o título de doutor/a. O resto de persoas considéranse persoal de investigación.

A retribución mínima asígnase non á categoría concreta, senón á titulación mínima requirida. Deste xeito, un contrato de xestor/a que esixa nivel MECES 3 terá unha retribución mínima maior que o que esixa MECES 2.

Ademais do requisito de titulación, que pode focalizarse en titulacións concretas ou grupos de titulacións, pódense esixir outras competencias (caso duns niveis mínimos de idiomas), se se xustifican adecuadamente. Por exemplo, un contrato de xestor/a de investigación para traballar nunha oficina de proxectos internacionais podería requirir dun nivel específico de idioma estranxeiro. Un contrato de técnico/a de apoio á investigación para traballar nunha área concreta pode requirir o manexo de ferramentas informáticas concretas etc.

4.- Retribución mínima e dereitos laborais

Considérase a seguinte táboa de retribucións mínimas (tempo completo):

Titulación mínima requirida (MECES)	Retribución mínima bruta anual (€)
4	29.000
3	26.000
2	24.000
1	19.000

Estas retribucións mínimas actualizaranse anualmente, de maneira automática, tomando como referencia a subida que aplique a UDC para o resto de colectivos de persoas traballadoras da Universidade. Na súa falta aplicarase a actualización de salarios que se aproban con carácter xeral para o persoal ao servizo do sector público.

4.1. Antigüidade e suba salarial

A todo o PCTI se lle recoñecerá a súa actividade previa en calquera administración pública (trienios), e os incrementos salariais derivados do IPC ou que, por calquera outra causa, se lle apliquen ao resto de colectivos de persoas traballadoras da UDC.

4.2. Indemnización por razón de servizo

As persoas que acceden a un contrato que require titulación MECES 2, 3 ou 4 teñen dereito a indemnizacións por razón de servizo (aloxamento e manutención) do grupo 2. As persoas que acceden a contratos que esixen titulación MECES 1 teñen dereito a indemnizacións do grupo 3.

4.3. Calendario laboral, xornada, vacacións e permisos e licenzas

Será de aplicación o calendario de festas laborais de carácter retribuído e non recuperables que elabore cada ano a Xerencia desta universidade. O réxime de días inhábiles (patróns, Día da Universidade...) será o mesmo que o do restodo persoal da Universidade.

A xornada laboral establécese en 35 h/semana e aplicaranse as reducións en períodos específicos, caso do Nadal ou o verán. Poderase gozar dunha pausa de 30 minutos, computable como traballo efectivo. Esta interrupción non poderá afectar á boa marcha dos servizos.

O persoal ten dereito a 22 días hábiles de vacacións por ano completo traballado ou á súa parte proporcional. Esta cantidade poderá incrementarse en función da antigüidade, do mesmo xeito e coas mesmas limitacións que ao resto de persoal da Universidade. As quendas serán acordadas coas persoas responsables dos contratos. As persoas xestantes terán prioridade e poderán acumular as vacacións cos permisos por maternidade, paternidade ou lactación.

As licenzas e permisos serán as que marca a Lei 2/2015 de emprego público de Galicia.

4.4. Acceso a servizos

Establécese a redución no custo das inscricións en cursos e actividades organizadas pola UDC nos mesmos termos nos que veña establecido para o resto de persoal desta universidade.

O persoal encadrado no ámbito de aplicación deste acordo terá dereito ao acceso á formación do mesmo xeito que o resto de colectivos desta universidade, así como tamén terá dereito a prazas na Escola Infantil da UDC e outros de natureza similar.

Así mesmo, incluírase no ámbito de aplicación da Resolución reitoral do 01/07/1998 pola que se regulan os supostos de matrícula gratuíta, ao persoal contratado con cargo ao Capítulo VI do orzamento da Universidade da Coruña. Para desfrutar destes servizos esixírase una antigüidade dun ano.

4.5.- Teletraballo, rexistro e flexibilidade horaria

Autorízase a prestación de servizos na modalidade de teletraballo e impulsarase a implantación e regulación dun sistema de información, de rexistro e flexibilidade horaria.

En todo caso, as persoas responsables ou IP das unidades ou proxectos onde traballe o PCTI poderán decidir sobre a pertinencia ou non do teletraballo e a súa extensión.

Disposición derogatoria

Derrógase o Acordo de clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representación laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+i financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC, asinado o 17 de novembro de 2014, así como o Acordo do 23 de maio de 2008, entre a UDC e o Comité de Empresa de convenios e proxectos, Programa María Barbeito, Programa da UDC coa Xunta para a contratación de persoas desempregadas, Programa predoutoral UDC, FPI – FPU e todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto neste acordo.

Disposición transitoria

As condicións laborais e dereitos das persoas traballadoras do PCTI con contratos vixentes adaptarán as súas condicións a este acordo con data non posterior ao 1 de xaneiro de 2026. Non se mudarán as denominacións das categorías profesionais.

A. Investigador/a contratado/a doutor/a é unha categoría equivalente a A1. Investigador/a asociado/a. En ningún caso esta figura é homologable nin implica dereitos de persoas contratadas de acordo co artigo 22 da Lei da ciencia.

C. Colaborador/a de investigación é unha categoría equivalente a A2. Investigador/a en formación só no caso de persoas doutoras ou matriculadas en programas de doutoramento, para os efectos da súa consideración como persoal investigador. En ningún caso esta figura é homologable nin implica dereitos de persoas contratadas de acordo co artigo 21 da Lei da ciencia.

D. Técnico/a de apoio á investigación é unha categoría equivalente a B1. Técnico/a de apoio á investigación.

E. Axudante de apoio á investigación é unha categoría equivalente a B2. Axudante de apoio á investigación.

F. Técnico/a administrativo/a e de xestión é unha categoría equivalente a C1. Técnico/a administrativo/a.

G. Axudante administrativo/a é unha categoría equivalente a C2. Axudante administrativo/a.

Disposición derradeira

Este acordo entrará en vigor o día seguinte a súa publicación no TEO e será de plena aplicación aos contratos que se convoquen con posterioridade a esa data.

DILIXENCIA para facer constar que o presente documento composto de 7 páxinas numeradas, foi asinado con data de 7 de xullo de 2025 por Ricardo J. Cao Abad, reitor, en representación da UDC, e por Fernando Francisco Avecilla Porto (CSIF) María Luisa Sánchez Simón (CCOO), Susana Carballal Graña (UGT)) e Ramón José Muiño Boedo (CIG), en representación das organizacións sindicais

A secretaria xeral